



AXUDA A PAIPORTA (Valencia)

“Unha persoa, un euro”

Campaña de recollida de material educativo para Paiporta (Valencia)

A Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, en colaboración co CEIP Anexa, está impulsando unha **Campaña de recollida de material educativo para enviar a Paiporta (Valencia)**, unha das poboacións máis afectadas pola DANA.

Na Facultade as persoas responsables de coordinar esta campaña son a Profesora Lina Iglesias e Fernando Hervella, conserxe do centro. Desde o CEIP Anexa, o responsable de coordinación cos demais colexios de Lugo é o director do centro, Iago Corral.

O obxectivo da campaña é a compra de materiais educativos para a poboación infantil de 2 a 11 anos dos colexios públicos de Infantil e Primaria de Paiporta. Estamos en contacto coa **Asociación de AMPAS de Paiporta** ([INTERAMPA PAIPORTA](#)) que será quen reciba o material recadado. Desde a asociación enviáronnos unha lista dos materiais que máis precisan neste momento e centraremos a campaña en intentar satisfacer esa necesidade.

Unha vez rematada a campaña, a profesora Lina Iglesias, acompañada por outra persoa da Facultade levarán persoalmente o material recadado ata a Asociación InterAmpa de Paiporta. A USC farase cargo dos gastos de envío a través do medio de transporte máis adecuado en función do volume do material recadado.

As persoas que desexen participar na campaña poden facelo de dúas formas:

- **Acudindo a un dos comercios de Lugo** que colaboran na campaña e mercando algún dos materiais que se indican na lista que se adxunta e que tamén lle proporcionarán no establecemento. O material adquirido deberá levarse a un dos puntos de recollida que se indican máis abaixo.
- **Facendo unha doazón** en calquera das librerías e xogueterías que colaboran na campaña. En cada establecemento colaborador, hai un bote para doazóns. O lema da campaña é **“Unha persoa, un euro”**. O diñeiro que se recade será xestionado polo propio establecemento e empregárase para mercar os materiais que faltan da listaxe que se adxunta.

Consideramos que a meirande parte das persoas están en condicións de doar 1 euro, e iso, aínda que pareza pouco, pode ser unha gran contribución. Con esta campaña tamén queremos sensibilizar á poboación de Lugo de que un pequeno xesto realizado por moitas persoas pode ser moi importante para lograr un gran obxectivo e marcar a diferenza na vida de moita xente.

!! Anímate a participar!!

INFORMACIÓN DE INTERESE

Duración da campaña: desde o luns 16 de decembro ata o venres 10 de xaneiro de 2025.

Puntos de recollida dos produtos mercados:

- **Do 16 ao 20 de decembro e do 7 ao 10 de xaneiro:** Conserxería da Facultade de Formación do Profesorado (Antigua Escola de Maxisterio) en Avda. Ramón Ferreiro s/n
- **Do 16 de decembro ao 10 de xaneiro** (en días laborables): Conserxería da Biblioteca intercentros no campus universitario (entre a Escola Politécnica e a Facultade de Veterinaria)

Librarias e xogueterías de Lugo cidade que colaboran

NOME DA LIBRERÍA / XOGUETERÍA	Enderezo
Libraría BIBLOS	Avda. Ramón Ferreiro
Libraría AGUIRRE	Rúa Salvador de Madariaga, 1 Local 8
Libraría LA VOZ DE LA VERDAD	Rúa Bispo Aguirre, 17
Libraría BALMES	Rúa do Progreso, 6
FARO DOS TRES MUNDOS	Rúa San Marcos, 9
Libraría GALICIA	Rúa Ourense, 82
Libraría TRAMA	Avda Coruña, 21
XOGUETERIA DIN & DON	Rúa San Marcos, 19 Bispo Aguirre, 13
Multitenda AGARIMO	San Roque, 175
Libraría SOÑOS DE PAPEL	Pza de Augas Férreas. Esquina María Castaña

Nota: Si hai outros comercios que desexen colaborar poden poñerse en contacto coa profesora Lina Iglesias: mail. Lina.iglesias@usc.es Tfno: 606 456 993

A listaxe de material que se precisa:

PARA EDUCACIÓN INFANTIL	PARA EDUCACIÓN PRIMARIA
<ul style="list-style-type: none">- Bloques de madeira para construcións- Abecedarios e números de madeira- Coches, trens e outros medios de transporte de madeira ou metal. (Non mercar materiais de plástico!!)- Circuitos de educación vial- Bloques lóxicos- Materiais para a mesa de luz- Mochilas- Libros: contos e álbums ilustrados para 2 a 6 anos- Ábacos e material de conteo- Material de xogo simbólico: cociñas de madeira, utensilios para a cociña (potas, pratos, vasos, garfos, coitelos, etc.)- Animais- Marionetas- Puzzles de 2 a 6 anos	<ul style="list-style-type: none">- Tangrans e puzzles de 6 a 12 anos- Xogos de mesa educativos- Bonecos de Playmobil- Xogos de LEGO para construír- Contos e libros ilustrados- Libros infantís e xuvenís- Mecanos- Xogos magnéticos- Xogos de ciencia- Mochilas- Marionetas- Puzzles de 6 a 12 anos
Material informático: Ordendores portátiles ou de sobremesa e Impresoras	

